

Estratexia necesaria

Ensaio Monteagudo refuga do monolingüismo como fin e urxe estratexias para mudar a defensa do galego

Malia que a lingua propia de Galicia é o galego, e así nolo din a historia e os textos legais, o certo é que na situación actual isto xa non é percibido así por moitos falantes.

Galicia é hoxe por hoxe un país bilingüe onde os galegofalantes non son por iso máis galegos nin o son menos os galegos e galegas que falan castelán.

As tendencias mudaron e Henrique Monteagudo, sociolingüista cunha traxectoria seria e demostrada, achega argumentos para defender que a día de hoxe é un erro pretender o monolingüismo e a hexemonía dunha única lingua, expulsando o castelán fóra de Galicia nun caso (inasumible por imposible e indesexable) ou eliminando do mapa o galego no outro (opción esta absolutamente indesexable pero máis realista cá primeira).

Os argumentos, desenvolto apelando á estratexia e á intelixencia, tratan os datos con honestidade;

porque se ben as circunstancias externas poucas veces foron favorables ao galego, tamén é certo que o discurso en defensa da nosa lingua non se corresponde coa realidade e debe modificarse para volver acompañar á sociedade. Trátase de actualizar o discurso e de rebater en positivo falsas afirmacións que utilizadas perversamente foron callando na xente como verdades, de modo que os novos argumentos sexan irrefutables e asumibles por todos os galegos e galegas, independentemente da lingua que falen.

Ninguén debería estar en contra dun bilingüismo en que todo o mundo teña as mesmas capacidades lingüísticas e escolla en igualdade real de condicións, evitando debates insensatos, en moitos casos gastados, e segregacións que non farían máis que dividirnos socialmente.

Por que, entón, non se traballa nese sentido, creando un discurso actual, crítico coa utilización partidista, política e electoral das lin-

As razóns do galego. Apelo á cidadanía ·

Henrique

Monteagudo ·

Galaxia, 2009 ·

230 páx · 18 euros



guas, que sexa ao tempo positivo, construtivo e comprensible pola sociedade?

Nesta dirección vai este libro, no que se insiren artigos de análise da sociolingüística práctica, ás veces tan distinta á científica e máis teórica e no que tamén se fala sobre o papel da Lei de Normalización Lingüística, de cómo somos vistos na España monolingüe ou das tendencias lingüísticas en Europa.

Unhas reflexións que de xeito urxente e por motivos de interese estratéxico se deben levar á sociedade co fin de erradicar a idea de que a lingua é ou pode ser un problema e instalar no seu lugar outra moito máis desexable: podemos convivir.

// **Mónica Góñez Silva**

